




# H. Álvaro Cunqueiro

- O tempo de visita é de 1/2 hora, despois da información médica.
- A información da evolución do paciente será proporcionada polo médico ao ingreso e todas as mañás no horario indicado.
- Os acompañantes, familiares ou amizades deben permanecer na sala de espera. Chamaráselles para acceder á visita polo nome do paciente, e serán recibidos na Unidade polo médico responsable do paciente que lles informará do seu proceso e evolución. Despois poderán pasar a visitar ao seu familiar.



## Horario de visitas

(Suxeito ás necesidades do Servizo)

**Mañás:** 13.00

**Tardes:** 19.00



### Información Médica:

UCI 1: **13:00h a 13:30 h**

UCI 2: **13:30h a 14:00 h**

A continuación  
seguirá coa visita



UNIDADE DE  
CUIDADOS INTENSIVOS

INFORMACIÓN  
PARA AS FAMILIAS



Hospital Álvaro  
Cunqueiro  
Tlf. 986-825555




## Presentación

O ingreso nunha Unidade de Coidados Intensivos é un momento difícil pola alteración do estado de saúde da persoa e a separación da súa familia e o seu entorno habitual. Esta situación pode xerar momentos de angustia, medo e frustración.

Conscientes diso, queremos ofrecerlle a mellor atención e coidados ao noso alcance, tanto en medios humanos como materiais e técnicos. Para iso facilitámoslle unha serie de indicacións coa finalidade de que todo funcione axeitadamente, sendo imprescindible a súa colaboración no seguimento e respecto das normas que aquí expoñemos.

## Cómo acceder a las Unidades de Cuidados Intensivos



A Xerencia de Xestión Integrada de Vigo conta con dúas Unidades de Coidados Intensivos (UCI1 e UCI2), ubicadas no Hospital Álvaro Cunqueiro.

As **UCIs do Hospital Álvaro Cunqueiro** están situadas na 4ª Planta Vela A.

En ambos casos o acceso á Unidade realizarase a través da porta principal do hospital.

## Normas Xerais



- Durante a visita é posible o acceso de dúas persoas por paciente. No caso de ser máis as persoas interesadas en acceder á Unidade deberán alternarse.
- Ao ingreso do paciente entregaráselle á familia todos os efectos persoais do paciente e solicitaranse os datos necesarios (teléfonos, información...)
- A información respecto ao estado do enfermo é confidencial e só será dada aos membros da familia máis próximos ou persoa/as designadas polo enfermo. Pode ser de utilidade que os familiares designen unha persoa/as como voceiro, que sexa a encargada de recibir a información e transmitila ao resto de familiares.
- Ao entrar e saír do cubículo do paciente debe lavar as mans con solución hidroalcohólica (situado en cada cubículo). Non é necesario poñer bata nin calzas salvo indicación.
- A visita realizarase a beira do paciente, permitindo o contacto físico con este. É moi importante que coide o ámbito terapéutico, pois é posible que o atope con vías, sondas e aparellos que requiren un coidado extremo no seu manexo, polo que lle pedimos encarecidamente que non os toque.
- No caso de que o paciente se encontre illado, deben ser rigorosos coas instrucións facilitadas polo persoal, debendo lavar as mans sempre antes e despois da visita. Utilice para iso o lavamán e o desinfectante existente no cubículo.
- Non deben alarmarse ante os sons das máquinas, o persoal está pendente.

## Normas Xerais



- Manteñan un ton axeitado e unha actitude positiva ante o paciente.
- Calquera cambio importante do paciente comunicaráselle á familia vía telefónica.
- No transcurso da visita, procurarase non interromper con procedementos ou técnicas. Nalgún momento por necesidades de atención e coidados é posible que sexa precisa a interrupción da visita, nese caso deberán regresar á sala de espera, agradecéndolles que non permanezan no corredor. No momento que sexa posible, facilitaráselles de novo o acceso.

## Normas Xerais



- Está prohibido o uso de teléfonos móbiles e/ou dispositivos con conexión en rede por parte de pacientes e/ou familiares xa que poden provocar interaccións sobre determinados aparellos.
- Cada paciente ten instaurada a dieta máis conveniente no seu caso, polo que non debe proporcionarlle ningún tipo de inxestión (auga etc.) sen consultar antes co persoal.
- Como medida de prevención, non se debe deambular dentro da unidade para visitar a outros pacientes.
- Axúdenos a cumprir coa Lei de Protección de Datos, non realizando fotografías nin aos pacientes nin ás instalacións.
- Como medida preventiva e pola súa propia seguridade non é conveniente que os menores de 15 anos acudan á visita.